

PEZA DO MES

maio

2024



INSTRUMENTOS DE MEDICIÓN



GRAFÓMETRO DE PÍNULAS

Instrumentos de medición

Mide o que se poida medir;
e o que non, faino medible

Galileo Galilei

Entre os milleiros de pezas que integran as coleccións do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, a principal e que dá nome á propia entidade é a arqueolóxica, procedente dos distintos xacementos da nosa provincia. Séguelle, por orde de importancia, a colección de Belas Artes, composta por bens tan destacados como as obras de Parada Justel ou as pezas de época prerrománica.

En 1969, os obxectos que posuía o Museo de tipo etnográfico pasaron a configurar o Museo de Artes e Costumes Populares en Ribadavia. Como sección etnográfica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, abre ao público o 18 de maio de 1986. Dende 1993, o Museo Etnolóxico de Ribadavia é un museo independente.

Os almacéns do Museo Arqueolóxico custodian, ademais, moitas outras pezas de varias artes decorativas, así como mobles, documentos, debuxos ou fotografías.

Para esta peza do mes seleccionamos un pequeno conxunto de instrumentos de medición. En primeiro lugar, e, pola súa singularidade, damos a coñecer unha caixa de latón, rexistrada co número CE000707, rectangular, cos extremos curtos redondeados. A tapa únese mediante bisagras e, o mesmo cá base, leva un bordo de cana. Correspóndese cunha caixa para gardar tabaco, de orixe flamenga, empregada polos mariñeiros. O seu tamaño, uns 16 cm, permítalles levala consigo no peto. Está decorada, na parte

superior, cuns gravados representando un calendario perpetuo que permite ao propietario determinar o día da semana, e, na inferior, cunha táboa que serve para calcular a velocidade do barco.

Os dous retratos que decoran ambos os dous extremos da tapa son de Xulio César e de Gregorio XIII, coas datas 45 e 1582 gravadas debaixo, que indican a introdución dos calendarios xuliano (a. C.) e gregoriano. Nun extremo da parte inferior, atópase o busto dun home coa data 1497 debaixo, que representa o explorador Américo Vespucio.

Nos laterais desenvólvese, inscrita, esta frase: '*Die deese doos /draagt in den sak, /Hoeft nooyt geen ander /almanak*'. No interior da caixa consérvase un papel coa anotación a lapis que a traduce ao castelán: «*Estos que lleven esto en su saco no tienen otro almanaque. Tienen los meses del año y días*» e engade: «*Está escrito en flamenco. 1905*».

Con distinta letra, e a tinta, escribiron debaixo: «*Regalado por D. Eduardo Blanco Amor*». Tendo en conta que o escritor naceu en 1897, cremos que o máis lóxico é que fose unha doazón posterior, anotada no antigo papel coa tradución, que se gardaba no interior, e que o director do Museo, Osaba Ruiz de Erenchun, rexistrara a caixa de tabaco como «*Almanaque. Ingresado en 1905*», segundo a data indicada nese primeiro texto.

Estas caixas de tabaco dos navegantes holandeses están asociadas con Pieter Holm (1685/86-1776), un segundo oficial sueco, que arredor de 1730 se instalou en Ámsterdam. Retirado da mariña, Holm comercializou instrumentos marítimos, estableceu unha escola e unha carta de navegación chamada «*Zee-Meeter*», que significa: «*medir o mar*». Os seus coñecementos náuticos permitíronlle simplificar o



RELOJO DE SERENO

cálculo da velocidade dun barco no mar. Primeiro, mídese o intervalo de tempo necesario para que un obxecto flotante lanzado fóra da borda pase entre dous puntos exactos marcados na cuberta. Despois, búscase ese valor de tempo na columna da esquerda inscrita na caixa de tabaco e lese a velocidade estimada na cela relacionada.

O segundo instrumento que presentamos é un grafómetro de pínulas, rexistrado co número CE005041, utilizado para realizar medicións de ángulos en procedementos topográficos.

Estímase que foi Niccolò Fontana Tartaglia (1500-1557) quen transformou a escuadra de agrimensor nun grafómetro aplicándolle un círculo graduado e unha agulla magnética, ou compás, no centro, pero outras fontes sinalan que foi un enxeñeiro, inventor de instrumentos científicos e gravador inglés, instalado en París, Philippe Danfrie (1531-1606), quen, cara a 1597, o describiu nun tratado, onde tamén daba instrucións do seu uso. Os grafómetros están constituídos por dúas pínulas, unha fixa, que serve de referencia e outra móbil (aliada), que, ao visar o obxecto, corre sobre o semicírculo horizontal graduado (limbo) e indica o valor do ángulo formado polas dúas visuais. Leva un compás no centro e colocábase sobre algún tipo de soporte vertical, como un trípode. O instrumental científico de medición topográfica propiciou o desenvolvemento da cartografía no século XVII e das grandes expedicións do XVIII.

Por último, damos a coñecer un reloxo de sereno en caixa de latón rexistrado co número CE005042. Leva bocachave na tapa e outra oculta na carrura, ademais de levala na esfera horaria que neste caso é de numeración romana. Unha travesa rectangular suxeita ao disco circular de catro cadrantes, adaptado á agulla de marcación que xiraría na súa

marcha. Contén unha peza semicircular formada por cinco vástagos, que tería a función de marcar o papel ao introducir a chave correspondente e xirala. É relativamente pesado, 630 g, polo que vai provisto dunha argola inserida nunha bóla que permitiría levalo colgado. Ten diferentes numeracións gravadas.

Este tipo de reloxo de marcación usábanse para poder controlar que o sereno ou garda fixeran a ruta que lles correspondía e á hora acordada, sen que puidesen variala. O reloxo entregábase pechado con chave á persoa que facía a rolda, de forma que non se puidese manipular. A idea é sinxela, pero moi efectiva. Dábase corda ao reloxo (30 ou 40 horas) e inseríase un disco horario de papel que ía xirando no interior, parecido ao que levan os transportistas, só que este medía o tempo, non a velocidade. No outro oco introducíase unha chave que facía unha marca no papel ao xirala. As marcas eran diferentes dependendo das chaves, que estaban situadas en distintos lugares polos que o vixiante debía pasar. Co reloxo fichábase en cada un deses lugares, de modo que no papel quedaba constancia de onde e a que hora se estivera, en función do rexistro que deixaba cada chave no disco. Ao termo da rolda entregábaselle o disco de papel ao xefe.

Sabemos da procedencia tanto do grafómetro como do reloxo de sereno polo artigo de Ferro Couselo «Guía abreviada del Museo Arqueológico y de Bellas Artes de Orense» do *Boletín Auriense* de 1974 no que escribe: «En la vitrina de la izquierda se halla lo que propiamente puede denominarse Orfebrería: ... una brújula, de bien bruñido bronce, usada por los barcos ingleses del siglo XVIII, y un curioso reloj de sereno, también inglés y de bronce, regalo ambas piezas de don Francisco Javier González Álvarez, perito en el arte de la Relojería y buen conocedor de la historia de este arte».



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense

